



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



agader
AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE AGRICULTURA Y PESCA,
ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

Presidente da Asociación

Monteval

Centro de Desenvolvemento Cooperativo. Parque empresarial de Pazos (Nido 2)

32619 Verín

Ourense

Asunto: Remisión da copia da resolución pola que se aproban os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

Achégase copia da resolución citada no encabezamento, referida á aprobación dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como das limitacións sectoriais, correspondente á Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR “Asociación Monteval”, seleccionada polo Acordo do Conselle de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

En Santiago de Compostela,

O director xeral de Agader

(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois.

galicia



Presidente da Asociación Monteval GDR 9
Centro de Desenvolvemento Cooperativo
Parque empresarial de Pazos (Nido 2)
32619 Verín
Ourense

RESOLUCIÓN pola que se aproban os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

O Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se seleccionaron as estratexias de desenvolvemento local e se seleccionaron os GDR como entidades colaboradoras para a xestión da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020 reflectía que os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais correspondentes ás normas de xestión das estratexias quedaban pendentes de aprobación definitiva. O citado Acordo do Consello de Dirección delegaba na persoa titular da Dirección xeral de Agader a aprobación definitiva desas normas de xestión, condicionando a selección das estratexias de desenvolvemento local a esta aprobación definitiva.

Tendo en conta a necesidade de concreción e obxectivación dos diferentes criterios que servirán para seleccionar, valorar e priorizar os proxectos, e unha vez concretados entre Agader e o GDR, as limitacións sectoriais, criterios de selección e priorización de proxectos reflectidos nos parágrafos anteriores, a xunta directiva do GDR procede á aprobación dos mesmos mediante o acordo do 23 de xaneiro de 2017.

A versión consolidada das normas de xestións xúntase a esta resolución como anexo I.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores, emítase esta RESOLUCIÓN pola que se aproban as normas de xestión da estratexia que figuran como anexo I desta resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Conselle de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interperse calquera outro recurso que se estime oportuno.

En Santiago de Compostela,

O director xeral de Agader

(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois.



ANEXO I

5.1. LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA MÁXIMA (CUANTITATIVOS E PORCENTAXES).

A asociación Monteval, pretende xestionar o GDR-9 da maneira máis xusta posible e considera un obxectivo importante o poder chegar ao máximo número de beneficiarios. É dicir, prefire dar menos cuantía de axuda a máis promotores e que non só sexan uns poucos os que se repartan o financiamento dispoñible.

Así, tanto para a accións produtivas coma para as non produtivas, Monteval fixa como axuda máxima a percibir por un promotor 200.000,00 € por proxecto. É dicir, con independencia da porcentaxe de axuda que lle corresponda a cada beneficiario, ningún promotor poderá recibir máis de 200.000,00 € por proxecto.

Agora ben, aínda que este é o tope máximo, Monteval establece unha porcentaxe de subvención en función da puntuación acadada por cada proxecto. Este baremo será o que analizaremos no apartado seguinte e as porcentaxes de subvención que corresponderán estarán en función da puntuación obtida e variarán en función de que o proxecto teña carácter produtivo ou improdutivo.

Así pois, as puntuacións obtidas polas actividades subvencionables corresponderanse coa proposición dunha porcentaxe de axuda.

A nota de corte para proxectos produtivos e non produtivos será de 20 puntos.

5.1.1 PORCENTAXES E LÍMITES DE AXUDA PARA PROXECTOS PRODUTIVOS

Reflicítese na seguinte táboa:

PROXECTOS PRODUTIVOS			
INTERVALO DE PUNTUACIÓN	Nota de Corte	% DE SUBVENCIÓN APLICABLE	LÍMITE DE SUBVENCIÓN POR PROXECTO
Entre os 20 e os 60 puntos	20 puntos	Dende 30% até 50% proporcional á puntuación acadada	200.000,00 €

5.1.2 PORCENTAXES E LÍMITES DE AXUDA PARA PROXECTOS NON PRODUTIVOS

Para o establecemento dos máximos e mínimos da axuda teremos en conta a prioridade dos proxectos segundo a súa temática:



PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE ALTA. INTENSIDADE DE AXUDA MÁXIMA ATA O 90%.

- Proxectos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado e atención das persoas maiores, a infancia e discapacitados (centros de xeriatría, garderías, apartamentos tutelados, aloxamentos para maiores, centros de día, centros de atención de colectivos desfavorecidos, centros de atención a discapacitados...)
- Proxectos que promovan a mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC), así como o seu uso no medio rural (telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos á poboación)
- Proxectos de actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, catalogación do patrimonio, conxuntos etnográficos, mazos...
- Proxectos de catalogación e valorización do patrimonio inmaterial tales coma, museos etnográficos, estudos antropolóxicos, recuperación de oficios tradicionais...
- Proxectos de mellora do tratamento dos residuos ou diminución da súa produción en orixe

PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE MEDIA. INTENSIDADE DE AXUDA MÁXIMA ATA O 70%.

- Centros de promoción de recursos e puntos de información turística
- Creación, ampliación e rehabilitación de edificios destinados a locais sociais.
- Adquisición de equipamento destinado a locais sociais.
- Infraestruturas de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio, sendas peonís e cicloturistas, mobiliario urbano, parques biosaudables e xogos infantís.
- Proxectos e plans de ordenación dos montes promovidos por comunidades de montes. Proxectos de ordenación micolóxica ou cinexética.



- Servizos innovadores nos concellos.

PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE BAIXA. INTENSIDADE DE AXUDA MÁXIMA ATE O 50%.

- Sinalización de recursos turísticos
- Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web.
- Instalacións deportivas (campos de fútbol....).
- Instalacións hípcas e cinexéticas.
- Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- Outros non incluídos nos epígrafes anteriores.

PROXECTOS NON PRODUTIVOS					
PRIORIDADE	Nota de Corte	% de subvención mínima	Nota Máxima	% de subvención máxima	Límite de subvención por proxecto
BAIXA	20 puntos	30%	60 puntos	50%	200.000,00 €
MEDIA	20 puntos	30%	60 puntos	70%	200.000,00 €
ALTA	20 puntos	30%	60 puntos	90%	200.000,00 € (até 250.000 € con autorización de Agader)

5.2. CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS.

Unha regra básica que teñen que ter en conta todos aqueles promotores que queiran presentar un proxecto co fin de obter financiamento por parte do GDR-9 é que todos os proxectos deberán cumprir os seguinte requisitos:

Estar localizados no ámbito territorial do GDR-9 é dicir, en algunha das localidades pertencentes aos Concellos de Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita.

Ser viables técnica, económica e financeiramente.

Axustarse á normativa sectorial, ben sexa comunitaria, estatal ou autonómica, que resulte de aplicación.



Ser finalista. É dicir, que á data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionables cumpran os obxectivos para os cales foron aprobados os proxectos.

Que o investimento para o que se solicita a axuda non estea iniciado (para o cal o equipo xestor do GDR levantará un acta de non inicio).

A partir do cumprimento destes 6 puntos fundamentais é cando se iniciará, por parte do GDR, a ponderación do proxecto. Tanto o baremo coma as porcentaxes de axuda que establecemos no punto anterior, estarán debidamente difundidas polo GDR. Así, estarán colgadas no taboleiro de anuncios da sede do GDR-9 e nos taboleiros de anuncios dos 10 Concellos que o integran. Tamén se editarán dípticos informativos que, entre outros aspectos coma a documentación que hai que presentar para solicitar fondos Leader, reflectirán estes.

5.2.1 CRITERIOS DE DESEMPATE

No caso no que dous proxectos acadaran a mesma puntuación no baremo habendo só financiamento dispoñible para un deles deberase desempatar segundo os seguintes criterios:

1. Pertenza do proxecto a un dos sectores considerados neste documento como estratéxicos para o desenvolvemento do territorio:
 - Sector agro alimentario
 - Rehabilitación do patrimonio e da paisaxe rural
 - Elaboración e comercialización de produtos endóxenos non agrarios
 - Turismo especializado
2. Nº de UTAS creadas.
3. Volume do investimento elixible.

5.2.2. BAREMO.

5.2.2.1. BAREMO PARA PROXECTOS PRODUTIVOS.

A puntuación máxima a acadar por un proxecto de carácter produtivo é de 100 puntos, repartidos entre catro aspectos: situación xeográfica (até 35 puntos), características do promotor do proxecto (até 10 puntos), incidencia no emprego (até 30 puntos) e impacto sobre o territorio (até 25 puntos). En cada un destes apartados valoraranse os aspectos que especificamos a continuación.

UBICACIÓN DO INVESTIMENTO: 35 PUNTOS



Características económicas do Concello no que se localiza o proxecto: 10 puntos:

% Renda respecto á media da C.A. (ano 2009)	Concellos	Puntuación para o proxecto
> 50 e < 60 %	Oímbra (54,51%)	10 puntos
> 60 e < 70 %	Castrelo do Val (60,79%) Cualedro (64,47%) Monterrei (64,63%) Vilardevós (69,48%)	9 puntos
> 70 e < 80 %	A Mezquita (71,26%) Laza (76,90%) A Gudiña (77,95%) Riós (79,66%)	8 puntos
> 80 %	Verín (88,35%)	7 puntos

Características demográficas do Concello no que se localiza o proxecto: 10 puntos:

Densidade de poboación (habit./Km2 - ano 2015)	Concellos	Puntuación para o proxecto
< 10 habit./Km2	Laza (6,60) A Gudiña (8,12) Castrelo do Val (8,64)	10 puntos
>10 e < 20	A Mezquita (10,63) Vilardevós (14,27) Riós (14,41)	9 puntos
> 20 e < 40	Cualedro (15,65) Monterrei (23,16) Oímbra (28,13)	8 puntos
> 40 habit./Km2	Verín (45,39)	7 puntos

Núcleo ou entidade singular de poboación onde se localiza o proxecto: 10 puntos:

Tamaño dos núcleos ou entidades singulares (INE/Nomenclátor 2015)	Localidades	Puntuación para o proxecto
Até 100 habitantes	<p>CASTRELO DO VAL: Sanguñedo, Gondulfes, Marbán, Veiga de Nostre, Pepín, Rivas, Monteveloso, Piornedo, Portocamba, Fontefría, Sampaio, Servoi, Vilar.</p> <p>CUALEDRO: Atás, As Corvaceiras, As Estivadas, Baldriz, As Mercedes, Carzoá, A Pedrosa, A Saceda, Lamas, San Martiño, Vilela, Lamalonga, A Moimenta.</p> <p>LAZA: A Albeguería, Camba, Carraxó, O Castro, Correchouso, O Navallo,</p>	10 puntos



> 100 e < 500 habitantes

Naveaus, Soutelo Verde, Tamicelas, Vilameá, Cervedelo, Arcucelos, Toro, Trez, Eiras, O Pereiro, O Santo.

MONTERREI:

A Caridade, Monterrei, A Pousa, A Salgueira, Paradiña.

OÍMBRA:

A Granxa, Espiño.

RIÓS:

Castrelo de Abaixo, A Silva, Castrelo de Cima, Covelas, Mourisco, San Paio, Veiga do Seixo, O Mente, Pena de Souto, Pousada, Progo, Santa Baia, Vilariño das Touzas, As Ferreiras, Florderrei, Marcelín, Romariz, Rubiós, Mañoas, Cortegada, Domiz, A Eirexa, Mirós, Pedrosa, Sarreaus, O Souto, San Pedro de Trasverea, Valfarto, A Veiguiña.

VERÍN:

Vilamaior

VILARDEVÓS:

Florderrei, Arzoá, A Trabe, Lamasdeite, Feilas, Moialde, Santa Comba, Bemposta, A Devesa, O Hospital, Osoño, A Veiga das Meás, Rexosende, Tomonte, Soutocovo, Bustelo, Dona Elvira, A Fraira, Moimenta, Santa María, Traseirexa.

A GUDIÑA:

Barxa, O Seixo, Carracedo da Serra, Campairos, Venda do Espiño, Parada da Serra, Venda da Capela, San Lourenzo, Erosa.

A MEZQUITA:

Castromil, A Esculqueira, A Canda.

CASTRELO DO VAL:

Campobecerras, Nocado do Val, Castrelo do Val

9 puntos

CUALEDRO:

Cualedro, A Xironda, Lucenza, Montes, Rebordondo, Penaverde, San Millán

LAZA:

Cimadevila, Laza, Souteliño, Matémá, Retorta.

MONTERREI:

Estevesiños, Mixós, Flariz, Sandín, Infesta, Guimarei, A Madalena, Medeiros, San Cristovo, Vences.

OÍMBRA:

Bouses, As Chas, Casas dos Montes, Oímbra, O Rosal, Rabal, San



>500 e < 1.000 habitantes	Cibrao, Videferre.	
	RIÓS:	
	O Navallo, As Ventas da Barreira, Trasestrada, Fumaces, San Cristovo.	
	VERÍN:	
	Ábedes, Cabreiroá, Feces de Abaixo, Feces de Cima, Mandín, Mourazos, Queirugás, Queizás, A Rasela, Tamagos, Tamaguelos, Tintores, Vilela, O Salgueiro, Caldeliñas.	
Máis de 2.500 habitantes	VILARDEVÓS:	
	Arzádegos, Berrande, Enxames, Soutochao, Terroso, Vिलarello da Cota, Vilardecervos, Vilardevós.	
	A GUDIÑA:	
	O Canizo, Pentas, O Tameirón.	
	A MEZQUITA:	
	Cádavos, Chaguazoso, Manzalvos, A Mezquita, O Pereiro, Santigoso, Vilavella.	
	MONTERREI:	
	Albarellos, Vilaza	8 puntos
	RIÓS:	
	Riós	
	VERÍN:	
	Pazos,	
	A GUDIÑA:	
	A Gudiña,	
	VERÍN:	
	Verín	0 puntos ¹

Distancia da localidade onde se realiza o proxecto á capitalidade municipal: 5 puntos:

Distancia á capitalidade municipal	Puntuación para o proxecto
Na capitalidade municipal	0 puntos
< 2 Km	1 punto

¹ Segundo a normativa do Programa Leader 2014-2020 nas provincias de Lugo e Ourense quedan excluídos aqueles núcleos de poboación que superan os 10.000 hab.



> 2 Km	2 puntos
> 3 Km	3 puntos
> 4 Km	4 puntos
> 5 Km	5 punto

CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR: 10 PUNTOS.

Características do promotor: 10 puntos:

Características do promotor do proxecto	Puntuación para o proxecto
Proxecto promovido por mulleres (ou que na sociedade haxa máis mulleres ca homes)	3
Proxecto promovido por mozos (<41 anos) ou que na sociedade haxa máis mozos	3
Proxecto promovido por discapacitados (mínimo do 33%)	1
Proxecto promovido por maiores de 55 anos (ou con maioría na sociedade de maiores de 55 anos)	3

INCIDENCIA SOBRE O EMPREGO: 30 PUNTOS.

Características do emprego	Puntuación para o proxecto
Por mantemento de emprego nos cinco anos seguintes con respecto ao calculado en UTAS segundo a vida laboral da empresa nos 12 meses anteriores á solicitude. - máximo 10 puntos-	1 punto por UTA
Por creación de emprego en UTAS - máximo 15 puntos-	5 puntos por UTA
Por cada UTA fixa creada con traballadores pertencentes a colectivos desfavorecidos: <ul style="list-style-type: none"> • Discapacitados • Mozos (até 30 anos) • Mulleres • Maiores de 45 anos - máximo 15 puntos-	+ 3 puntos por UTA

Para poder validar este ítem deberase crear como mínimo 0,25 utas. Puntuaranse as fraccións de UTA de xeito proporcional.

IMPACTO SOBRE O TERRITORIO: 25 PUNTOS.

Capacidade de arrastre do proxecto: 20 puntos.

Aspectos a considerar	Puntuación para o proxecto
-----------------------	----------------------------



Transformación de produtos do territorio ²		6 puntos
% inputs locais no investimento elixible ³	<25%	1 punto
	25-50%	2 puntos
	50-75%	3 puntos
	>75%	4 puntos
Capacidade de arrastre debido ao volume do investimento (orçamento sen IVE)	<90.000 €	1 punto
	90.000-120.000 €	5 puntos
	>120.000 €	9 puntos
Pertenza da actividade a un dos sectores estratéxicos		5 puntos

Consideraranse sectores estratéxicos a efectos de puntuación os definidos neste documento:

- Sector agro alimentario
- Rehabilitación do patrimonio e da paisaxe rural
- Elaboración e comercialización de produtos endóxenos non agrarios
- Turismo especializado

Incidencia ambiental: 5 puntos:

Aspectos a considerar ⁴	Puntuación para o proxecto
Porcentaxe do investimento elixible dedicado a medidas de mellora da eficiencia enerxética no proceso ou na instalación	1 punto por cada 1% até un máximo de 2 puntos
Porcentaxe do investimento elixible dedicado ao emprego de enerxías renovables	1 punto por cada 1% até un máximo de 3 puntos

5.2.2.2. BAREMO PARA PROXECTOS NON PRODUCTIVOS.

A puntuación máxima a acadar por un proxecto de carácter non produtivo é de 100 puntos, repartidos entre tres aspectos: situación xeográfica (até 40 puntos), características do promotor e ámbito de actuación do proxecto (até 20 puntos) e impacto sobre o territorio (até 40 puntos). En cada un destes apartados valoraranse os aspectos que especificamos a continuación.

SITUACIÓN XEOGRÁFICA: 40 PUNTOS

Características económicas do Concello no que se localiza o proxecto: 10 puntos:

% Renda respecto á media da C.A (ano 2009)	Concellos	Puntuación para o proxecto
--	-----------	----------------------------

² Esta circunstancia deberá ser debidamente acreditada mediante a presentación das correspondentes facturas dos provedores ou contrato homologado con produtores do territorio.

³ Esta circunstancia deberá ser debidamente acreditada mediante a presentación das correspondentes facturas dos provedores.

⁴ Valorarase sempre que non sexa obrigatorio pola lexislación vixente incluír as melloras enerxéticas ou o emprego de enerxías renovables.



> 50 e < 60 %	Oímbra (54,51%)	10 puntos
> 60 e < 70 %	Castrelo do Val (60,79%) Cualedro (64,47%) Monterrei (64,63%) Vilardevós (69,48%)	9 puntos
> 70 e < 80 %	A Mezquita (71,26%) Laza (76,90%) A Gudiña (77,95%) Riós (79,66%)	8 puntos
> 80 %	Verín (88,35%)	7 puntos

Características demográficas do Concello no que se localiza o proxecto: 10 puntos:

Densidade de poboación (habit/Km2 - ano 2015)	Concellos	Puntuación para o proxecto
< 10 habit./Km2	Laza (6,60) A Gudiña (8,12) Castrelo do Val (8,64)	10 puntos
>10 e < 20	A Mezquita (10,63) Vilardevós (14,27) Riós (14,41)	9 puntos
> 20 e < 40	Cualedro (15,65) Monterrei (23,16) Oímbra (28,13)	8 puntos
> 40 habit./Km2	Verín (45,39)	7 puntos

Nº de habitantes da entidade de poboación na que se localiza o proxecto: 10 puntos:

Núcleo ou núcleo ou entidade singular onde se localiza o proxecto: 10 puntos: Tamaño dos núcleos ou entidades singulares (INE/(Nomenclátor 2015)	Localidades	Puntuación para o proxecto
Até 100 habitantes	CASTRELO DO VAL: Sanguñedo, Gondulfes, Marbán, Veiga de Nostre, Pepín, Rivas, Monteveloso, Piornedo, Portocamba, Fontefría, Sampaio, Servoi, Vilar. CUALEDRO: Atás, As Corvaceiras, As Estivadas, Baldriz, As Mercedes, Carzoá, A Pedrosa, A Saceda, Lamas, San Martiño, Vilela, Lamalonga, A Moimenta. LAZA: A Albeguería, Camba, Carraxó, O Castro, Correchoso, O Navallo, Naveaus, Soutelo Verde, Tamicelas, Vilameá, Cerdedelo, Arcucelos, Toro, Trez, Eiras, O Pereiro, O Santo. MONTERREI: A Caridade, Monterrei, A Pousa, A Salgueira, Paradiña. OÍMBRA: A Granxa, Espiño. RÍÓS: Castrelo de Abaixo, A Silva, Castrelo de Cima, Covelas,	10 puntos



	<p>Mourisco, San Paio, Veiga do Seixo, O Mente, Pena de Souto, Pousada, Progo, Santa Baia, Vilariño das Touzas, As Ferreiras, Florderrei, Marcelín, Romariz, Rubiós, Mañoas, Cortegada, Domiz, A Eirexa, Mirós, Pedrosa, Sarreaus, O Souto, San Pedro de Trasverea, Valfarto, A Veiguiña.</p> <p>VERÍN:</p> <p>Vilamaior</p> <p>VILARDEVÓS:</p> <p>Florderrei, Arzoá, A Trabe, Lamasdeite, Feilas, Moialde, Santa Comba, Bemposta, A Devesa, O Hospital, Osoño, A Veiga das Meás, Rexosende, Tomonte, Soutocovo, Bustelo, Dona Elvira, A Fraira, Moimenta, Santa María, Traseirexa.</p> <p>A GUDIÑA:</p> <p>Barxa, O Seixo, Carracedo da Serra, Campairos, Venda do Espiño, Parada da Serra, Venda da Capela, San Lourenzo, Erosa.</p> <p>A MEZQUITA:</p> <p>Castromil, A Esculqueira, A Canda.</p> <p>CASTRELO DO VAL:</p> <p>Campobeceros, Nocado do Val, Castrelo do Val</p> <p>CUALEDRO:</p> <p>Cualedro, A Xironda, Lucenza, Montes, Rebordondo, Penaverde, San Millán</p> <p>LAZA:</p> <p>Cimadevila, Laza, Souteliño, Matémá, Retorta.</p> <p>MONTERREI:</p> <p>Estevesiños, Mixós, Flariz, Sandín, Infesta, Guimarei, A Madalena, Medeiros, San Cristovo, Vences.</p> <p>OÍMBRA:</p> <p>Bouses, As Chas, Casas dos Montes, Oímbra, O Rosal, Rabal, San Cibrao, Videferre.</p>	
<p>> 100 e < 500 habitantes</p>	<p>RIÓS:</p> <p>O Navallo, As Ventas da Barreira, Trasestrada, Fumaces, San Cristovo.</p> <p>VERÍN:</p> <p>Ábedes, Cabreiroá, Feces de Abaixo, Feces de Cima, Mandín, Mourazos, Queirugás, Queizás, A Rasela, Tamagos, Tamaguelos, Tintores, Vilela, O Salgueiro, Caldeliñas.</p> <p>VILARDEVÓS:</p> <p>Arzádegos, Berrande, Enxames, Soutochao, Terroso, Vilarello da Cota, Vilardecervos, Vilardevós.</p> <p>A GUDIÑA:</p> <p>O Canizo, Pentas, O Tameirón.</p> <p>A MEZQUITA:</p> <p>Cádavos, Chaguazoso, Manzalvos, A Mezquita, O Pereiro, Santigoso, Vilavella.</p> <p>MONTERREI:</p> <p>Albarellos, Vilaza</p>	<p>9 puntos</p>
<p>>500 e < 1.000 habitantes</p>	<p>RIÓS:</p> <p>Riós</p> <p>VERÍN:</p> <p>Pazos,</p> <p>A GUDIÑA:</p> <p>A Gudiña,</p>	<p>8 puntos</p>
<p>Máis de 2.500 habitantes</p>	<p>VERÍN:</p> <p>Verín</p>	<p>Excluído por superar os</p>



Distancia da localidade onde se realiza o proxecto á capitalidade municipal: 10 puntos:

Distancia á capitalidade municipal	Puntuación para o proxecto
Na capitalidade municipal	5 puntos
< 2 Km	6 puntos
> 2 Km	7 puntos
> 3 Km	8 puntos
> 4 Km	8 puntos
> 5 Km	10 puntos

II. CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR E ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO PROXECTO: 20 PUNTOS.

Aspectos a valorar	Puntuación para o proxecto
Proxecto promovido por unha entidade pública local.	7 puntos
Proxecto promovido por unha entidade pública supramunicipal.	10 puntos
Proxecto promovido por unha entidade que non ten o carácter de pública.	7 puntos
Proxecto promovido por unha agrupación de entidades de carácter non pública.	10 puntos
Proxectos promovidos por entidades onde máis do 50 % dos socios/as sexan mulleres.	5 puntos
Proxectos promovidos por entidades onde máis do 40 % dos socios/as sexan mozos (menores de 41 anos).	5 puntos

III. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO: 40 PUNTOS.

Características proxecto	Puntuación para o proxecto
Mellora de la accesibilidade ou adaptación para uso persoas con mobilidade reducida ⁵	5 puntos
Mellora do acceso ás novas tecnoloxías no medio rural*	5 puntos
Porcentaxe do investimento elixible dedicado a infraestruturas para uso	1 punto por cada 3% até un máximo de 5 puntos

⁵ Só será puntuable cando a adaptación non sexa obrigada pola lexislación vixente.



exclusivo ou prestación de servizos destinados de xeito exclusivo a persoas dependentes		
Utilización de inputs do territorio ⁶ .	< 25%	5 puntos
	50-75%	7 puntos
	>75%	10 puntos
Contribución á adaptación ás consecuencias do cambio climático**		5 puntos
Recuperación de elementos de interese histórico, etnográfico ou paisaxístico		10 puntos

*Considerarase que o proxecto cumpre esta condición e polo tanto accede aos puntos correspondentes no baremo cando se demostre que a posta en marcha do mesmo redundará nunha mellora do acceso público ás novas tecnoloxías. Entendéndose por novas tecnoloxías as seguintes:

- Acceso ás telecomunicacións a traveso de satélite ou cable de fibra óptica ou mediante novas tecnoloxías que puideran xurdir durante a execución do programa e que contribúan de xeito indiscutible ao acceso público á información e ao coñecemento.
- Acceso a medios didácticos ou divulgativos que impliquen tecnoloxías de vídeo en alta definición ou pantalla táctil.

**Segundo a Dirección Xeneral de Acción polo Clima (DG CLIMA), organismo que capitanea os esforzos da Comisión Europea para combater o cambio climático dentro da UE e a escala internacional, as consecuencias do mesmo en Europa serán as seguintes:

- *No sur e no centro de Europa sofren cada vez máis **ondas de calor, incendios forestais e secas.***
- *A zona mediterránea estase a converter nunha rexión máis seca o que a fai máis vulnerable ás **secas e aos incendios.***
- *O norte de Europa estase a transformar claramente nunha area máis húmida na que poderían ser máis frecuentes as **cheas no inverno.***
- *As zonas urbanas, onde viven catro de cada cinco europeos, están expostas a **ondas de calor, inundacións e aumentos do nivel do mar,** e non adoitan estar ben equipadas para adaptarse a estes cambios climáticos.*

⁶ Esta circunstancia deberá ser debidamente acreditada mediante a presentación das correspondentes facturas dos provedores



A posición xeográfica do territorio do GDR Monteval a cabalo entre tres rexións fitoclimáticas fai que segundo as épocas do ano esteamos a sufrir distintas consecuencias que van dende o alarmante incremento dos incendios forestais nos meses de verán (tanto no seu número coma na superficie queimada) até as cheas e inundacións en épocas de precipitacións abondosas.

Neste apartado valoraremos a contribución dos proxectos cara a evitar as consecuencias antes citadas (secas, incendios forestais, inundacións...) ou a diminuír os efectos negativos causados por elas.

Dentro destes teríamos:

- Restauración de cuncas fluviais e recuperación dos bosques de ribeira.
- Restauración e recuperación dos ecosistemas seminaturais: soutos, touzas, lamas, veigas...
- Revexetación de montes afectados polo lume.
- Actuacións encamiñadas á diminución das perdas de chan en montes afectados polo lume.
- Proxectos non produtivos que impliquen a xestión ou emprego da biomasa dos montes comunais.
- Plans de aforro enerxético promovidos por Comunidades de Montes ou asociacións.⁷
- Proxectos que impliquen a valorización ou mellora na xestión dos residuos domiciliarios, gandeiros ou industriais.
- Plans hidrolóxicos a pequena escala⁸.
- Proxectos para a mellora da eficiencia no uso da auga.
- Proxectos que redunden na diminución das emisións de gases de efecto invernadoiro coma son aquelas iniciativas que incentiven a diminución dos desprazamentos por estrada de viaxeiros ou mercadorías ou a mellora nos sistemas de eliminación de vertidos na industria.

⁷ Estes proxectos serán elixibles sempre que non sexan susceptibles de acollerse ás axudas que para este fin concede a Xunta de Galicia.

⁸ Estes proxectos serán elixibles sempre que non sexan susceptibles de acollerse ás axudas que para este fin concede a Xunta de Galicia.



LIMITACIÓNS SECTORIAIS

Prestación de servizos e comercio polo miúdo.

No tocante ao sector servizos e comercio polo miúdo consideraranse innovadores e polo tanto subvencionables os proxectos que non exista previamente outra empresa que preste o mesmo servizo ou dedicada á mesma actividade na entidade de poboación na que se pretenda implantar. Esta circunstancia acreditarase, mediante o correspondente certificado emitido polas entidades locais, en función do epígrafe do imposto de actividades económicas (IAE).

Consideraranse de particular interese os proxectos baseados na realización das seguintes actividades:

- Prestación de servizos técnicos e asesoramento as actividades agrícolas, gandeiras ou forestais.
- Investigación.
- Novas tecnoloxías e comercio on-line.
- Educación e formación.
- Prestación de servizos ás empresas.

Locais sociais.

Os investimentos en locais sociais serán admisibles coas seguintes limitacións:

1. Só serán subvencionables os locais de nova edificación cando se xustifique a non existencia doutro das mesmas características na parroquia na que se localice.
2. Si serán subvencionables os locais sociais cando se empracen nunha edificación tradicional rehabilitada a tal efecto mesmo habendo outro na mesma parroquia.
3. Para mellora, ampliación ou dotación de locais sociais existentes a axuda máxima será de 20.000 €.

